

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE OUTUBRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/847/2008.- César Antonio García Pazos.- Vivenda unifamiliar na Travesía de Fonte do Ouro .

Lic/8/2009.- Sandra Camino Fernández.- Modificación da ubicación da vivenda unifamiliar a construír no lugar de Reibo – Laraño

Lic/627/2007 e Lap/133/2007.- Jesaport, S. L.- Licenza de apertura e de obras de construción de nave almacén en polígono de BOISACA Parcelas C3 – C4 – C5 e C6.

DENEGADAS.-

Lic/1836/2000.- HELI EUROPA, S. A., representada por D. José López Candal.- Nave para garda e mantemento de helicópteros destinados ao servizo contra incendios en San Marcos s/n.

PRORROGAS.-

Lic/1841/2009.- Soherma Santiago.- Edificio para garaxes, trasteiros, 34 vivenda e 21 oficinas na parcela M-14.2 do SUP-6 de Santa Marta.

Lic/1801/2009.- Lino Fernández González.- Nave industrial no polígono de Boisaca – SUNP 34 Parcela B31.

PARCELACIONES.-

Lic/1987/2007.- Construlat Unión.- Parcelación urbanística da parcela sita na rúa do Avío nº 1. (-)

RECURSO DE REPOSICION.-

Lic/412/2009.- Mosbrey, S. L. e Manuel López Dopazo.- Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de San Martiño de Laraño – Pardiñas de Arriba nº 8 da rúa Rego Cebro, finca nº 30 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martiño de Laraño.

INCOAR EXPEDIENTE DE DECLARACION DE CADUCIDADE DE LICENZA.-

Lic/1630/2002.- José Soto Montero.- Edificio composto de dous sotos libres, pranta baixa para garaxe, dúas prantas altas para dous apartamentos e un baixo cuberta destinado a trasteiros na rúa de Teo nº 18.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

1874/2009.- José Patao Rey.- Expte. Lic/2666/2004 4.500 €.-

1344/2009.- Malga, S. L.- Expte. Lic/2432/2008 600 €.-

1346/2009.- Malga, S. L.- Expte. Lic/1427/2008 1.200 €.-

1347/2009.- Malga, S. L.- Expte. Lic/ 61/2008 300 €.-

1348/2009.- Malga, S. L.- Expte. Lic/279/20092.000 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

FAVORABLES

LIC/2326/2008 .- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Acondicionamento da Capela e o Cemiterio do Rosario na rúa Bonaval.

LIC/1868/2006 .- CARMEN RIVAS ANTELO.- Rehabilitación de edificio para 2 vivendas en Travesa do Carme de Abaixo nº 6.

LIC/1246/2009.- CONSORCIO DE SANTIAGO. Reparación de danos provocados pola humidade no edificio do Teatro Principal en rúa Nova, nº 21.

RECTIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8/09/09

LIC/1684/2009 .- ENTRECERCAS SL.- Rectificación do acordo da xunta de Goberno do 8 de setembro de 2009 polo que se concedía a devolución de fianza para rúa Bonaval 2 e a dirección correcta e Bonaval 4.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/1852/2009.- Devolución da fianza depositada por Orden Frailes Menores Convento San Francisco, en garantía da licenza de retellado da cuberta da ala oeste do 2º claustro en Campillo de San Francisco, 3 (LIC/2052/2006). O importe da fianza é de 1.500 €

DISCIPLINA

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

DIS/580/2009.- Devolución da fianza depositada por CONSTRUCCIONES OBRADOIRO COMPOSTELA SL, en garantía da licenza para ocupación provisoria da vía pública con andamio en rúa Carreira do Conde 14. O importe de fianza é de 601 €

DIS/417/2009.- Devolución da fianza depositada por ARGAMASA SANTIAGO CONSTRUCCIONES SL, en garantía da licenza para ocupación provisoria da vía pública con andamio en rúa das Hortas 59 A-1º. O importe de fianza é de 601 €

DIS/710/2009.- Devolución da fianza depositada por NEOR SA, en garantía da licenza para ocupación provisoria da vía pública con andamio en rúa dos Loureiros nº 9. O importe de fianza é de 601 €

5.- Propostas da concelleira delegada de Igualdade relativas á concesión de subvencións para o movemento asociativo e de defensa da muller, ano 2009, e á consideración de gastos subvencionables dos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2009, excluíndose os gastos realizados fóra deste prazo.
Concédense subvencións para o movemento asociativo e de defensa da muller por importe de 19.852,88 euros a 12 asociacións.

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á convocatoria do III Premio Internacional "Compostela" para álbumes ilustrados.

Apróbanse as bases do III Premio Internacional Compostela para álbumes ilustrados.

7.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de varias rúas.

Apróbase o nomeamento de tres rúas no SUP 2 de Cornes coas seguintes denominacións: rúa Manuel Beiras; rúa María Miramontes e rúa Voces Ceibes.

Tamén se acorda nomear "Avenida Xoán Paulo II" a rúa comprendida entre a avenida do Camiño Francés e a avenida de Asturias, no ámbito do SUNP 4 e dúas rúas máis nesta zona: rúa de Vicente Risco e Victoria Kent.

8 a 21.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Obradoiro CAB para a utilización do edificio multiusos Fontes do Sar por mor da súa participación na tempada 2009-2010 na liga de baloncesto profesional ACB.

Apróbase o convenio polo que o Obradoiro poderá empregar o edificio do Multiusos para os seus partidos e adestramentos.

23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa a adopción de acordo no expediente de Reparcelación da unidade delimitada en Laverde Ruíz-Irmáns Rei Alvite no procedemento iniciado en execución da sentenza do TSXG 650/2000 recaída no procedemento 0004034/1997.

Rexéitanse as alegacións presentadas e resólvese o procedemento iniciado a resultas da unidade de actuación delimitada en Laverde Ruíz-Irmáns Rey Alvite.

25.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto técnico de expropiación para a execución do proxecto de obras e seguridade

vial. Remodelación de enlace de acceso ao polígono do Tambre. Estrada N-550, P.K. 57,80.

Apróbase definitivamente o procedemento de expropiación por taxación conxunta iniciado para a obtención dos terreos e bens necesarios para a execución do proxecto de obras "Seguridade vial. Remodelación de enlace de acceso ao polígono do Tambre. Estrada N-550 PK 57,80. Apróbase o prezo xusto da parcela definida que queda cifrado en 21.508,64 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Centros socioculturais relativa ao cambio de denominación do centro sociocultural do Castiñeiriño.

Apróbase que o CSC do Castiñeiros pase a denominarse "Centro Sociocultural Agustín Bueno do Castiñeiriño".

27.- Dar conta da concesión dunha subvención para o Plan Nacional de Desenvolvemento Xitano.

Dáse conta da concesión por parte da Consellería de Traballo e Benestar por importe de 46.047,33 euros para o Plan Nacional de Desenvolvemento Xitano.

28.- Dar conta da inscrición do Concello no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Medioambiental con alcance para o departamento de Parques e Xardíns.

Dáse conta da devandita inscrición.

29.- Dar conta do ingreso da subvención concedida ao concello para conservatorios e escolas de titularidade municipal. Ano 2008.

Dáse conta do ingreso da subvención concedida pola Deputación da Coruña por importe de 10.000 euros.

30.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 16 da sesión de data 8.9.2009.

Dáse conta da corrección do erro, no sentido de engadir a anualidade correspondente a 2009 na acta relativa á aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do servizo de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

URXENCIAS

1- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á concesión dunha axuda en concepto de vivenda-aloxamento.

Apróbase unha axuda por importe de 390 euros para os meses de outubro e novembro.

2- Proposta da concelleira delegada relativa á solicitude dunha subvención para o desenvolvemento de programas de educación familiar.

Solicítase unha subvención por importe de 30.925,425 euros para a contratación dun diplomado en Eudcación Familiar. O Concello achega 10.308,475 euros.

3- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento para acometer traballos xerais de mantemento nas instalacións escolares municipais.

Apróbase un orzamento de 18.000 euros.

4- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento para traballos xerais de fontanería nos centros escolares.

Apróbase un orzamento de 18.000 euros.

5- Proposta do concelleiro de Promoción Económica relativa á aprobación do programa II Concurso de catálogo de promoción comercial de Compostela e as súas Bases.

Apróbanse o programa, as bases e un orzamento de 30.000 euros.

6- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación do programa de coordinación educativa coa USC, mediante un Convenio para prácticas de alumado no departamento de Lingua Galega.

Apróbase o programa de coordinación educativa coa USC formalizado nun convenio de colaboración para a realización de prácticas de alumnado das titulacións de Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa no Departamento de Lingua Galega do Concello, por importe de 8.100 euros.

7- Proposta a concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de reurbanización da rúa Raxoi.

Apróbase o prego de cláusulas e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 184.444,87 euros máis IVE.

8- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de reurbanización da rúa Trindade.

Apróbase o prego de cláusulas e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 128.515,19 euros máis IVE.

9- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de reurbanización da rúa do Cruceiro do Gaio e Poza de Bar.

Apróbase o prego de cláusulas e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 199.856,18 euros máis IVE.

10- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de reurbanización do Campo das Hortas.

Apróbase o prego de cláusulas e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 199.947,47 euros máis IVE.

11- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de reurbanización da rúa San Clemente. (2º tramo da rúa Raxoi).

Apróbase o prego de cláusulas e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 793.847,36 euros máis IVE.

12- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e inicio da contratación das obras de reurbanización do Campo e Costa do Cruceiro do Galo.

Apróbase o prego de cláusulas e iníciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 781.744,53 euros máis IVE.

13- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa ao nomeamento de funcionario interino para a Banda municipal de Música.

Apróbase o nomeamento dun músico para a especialidade de tuba.